



Concello de A Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 8 DE XULLO DE 2019 (PLENO DE ORGANIZACIÓN)

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

DNA. NATALIA PAZ ÁLVAREZ

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

DNA. MARÍA ROCIO PERMUY RAMUDO

D. JUÁN MANUEL SOTO LÓPEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

DNA. MONTSERRAT SECO CABARCOS

DNA. OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas do día oito de xullo de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres/a. Concelleiros/a. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia o Sr. Concelleiro D. Martín Blanco Hermida.

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 08/07/2019

I.- APROBACION DA ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión de Constitución de data quince de xuño de dous mil dezanove.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta da constitución dos Grupos Municipais da Corporación do Concello da Capela para o mandato 2019-2023, no prazo establecido ó efecto polo artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentaron escrito no Concello os seguintes:



Manuel Meizoso López (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 08/07/2019
HASH: 6826a4b81f1b40bedb5c882bc33f4b066



José Antonio Meizoso Paz (2 para 2)
Secretario Interventor
Data de Sinatura: 08/07/2019
HASH: 36330305c48231678438294c9980b0c6f85





Concello de A Capela

- O PSdeG-PSOE con número de rexistro de entrada 2019-E-RC-456, de data 18 de xuño de 2019, para constituirse en Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE designando como voceiro titular a D. Manuel Meizoso López e voceiro suplente a Dna. Natalia Paz Álvarez.
- AIAC (Alternativa Independiente de A Capela) con número de rexistro de entrada 2019-E-RE-81, de data 19 de xuño de 2019, para constituirse en Grupo Político Municipal de AIAC designando como voceiro titular a D. Marcos Rodríguez Calvo e voceiro suplente a D. Martín Blanco Hermida.
- O PP con número de rexistro de entrada 2019-E-RC-464, de data 18 de xuño de 2019, para constituirse como Grupo Mixto-PP, designando como voceira titular a Dna. Olga María Blanco Teijeiro.

O Pleno da Corporación quedou enterado.

III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a proposta da Alcaldía recolle que os plenos ordinarios do Concello da Capela se realicen con carácter bimensual nos meses pares os derradeiros venres ás dez horas, agás o Pleno Ordinario do Nadal que para evitar das datas festivas propónse a súa realización o segundo venres do mes citado ás dez horas; no suposto de que a data de celebración dalgún pleno ordinario coincídise en festivo trasladarase a realización do pleno o venres seguinte ás dez horas.

Sen producirse debate o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Os plenos ordinarios do Concello da Capela para o mandato 2019-2023 realizáranse con carácter bimensual os derradeiros venres dos meses pares as dez horas de mañá, agás o correspondente o mes de decembro que se realizará o segundo venres do citado mes ás dez horas da mañá.

Segundo: Se as datas anteriores coincidiran con festivo, o Pleno realizárase o venres inmediatamente posterior.

IV.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que a proposta desta Alcaldía-Presidentencia contempla só a creación da Comisión Informativa Especial de Contas, xá que da experiencia do derradeiro mandato as comisión informativas



Concello de A Capela

non son operativas nos Concellos pequenos.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que a Comisión Especial de Contas estará composta por 3 Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 1 Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC e 1 Concelleira do Grupo Mixto-PP.

Na proposta da Alcaldía figuran os seguintes membros da Comisión Especial de Contas:

- **Presidente:** D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
- **Suplente:** Dna. Natalia Paz Álvarez (1ª tte. Alcade Grupo Municipal PSdeG-PSOE)

- **Vogais:** D. Juan Manuel Soto López (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
Dna. María Rocio Permuy Ramudo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
- **Suplente:** D. Emilio Riobó Piñón (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)

- Dna. Montserrat Seco Cabarcos (Grupo Municipal AIAC)
- **Suplente:** D. Martín Blanco Hermida (Grupo Municipal AIAC)

- Dna. Olga María Blanco Teijeiro (Grupo Mixto-PP)

- **Secretario:** D. José Antonio Meizoso Paz (Secretario-Interventor do Concello da Capela)

Se producirse debate e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade do Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

ÚNICO: A creación e constitución da Comisión Especial de Contas que atendendo os criterios de proporcionalidade da representación dos Grupos Municipais no Concello estaría composta por 3 membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 1 membro do Grupo Municipal de AIAC e 1 membro do Grupo Mixto-PP.

- **Presidente:** D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
- **Suplente:** Dna. Natalia Paz Álvarez (1ª Tenente de Alcade Grupo Municipal PSdeG-PSOE)

- **Vogais:** D. Juan Manuel Soto López (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
Dna. María Rocio Permuy Ramudo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)



Concello de A Capela

- Suplente: D. Emilio Riobó Piñón (Grupo Municipal PSdeG-PSOE)
- Dna. Montserrat Seco Cabarcos (Grupo Municipal AIAC)
- Suplente: D. Martín Blanco Hermida (Grupo Municipal AIAC)
- Dna. Olga María Blanco Teijeiro (Grupo Mixto-PP)
- **Secretario:** D. José Antonio Meizoso Paz (Secretario-Interventor do Concello da Capela)

V.- MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación da proposta de creación e constitución da Mesa de Contratación Permanente do Concello que haberá de coñecer nas licitacións e contratacións que se reelicen polos dous órganos da Corporación Municipal con competencia en materia de contratación a saber o Sr. Alcalde-Presidente e o Pleno do Concello.

Dando cumprimento a normativa de contratación pública a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela é a que sigue:

- **Presidente:**
 - D. Emilio Riobó Piñón (2º Tenente de Alcalde, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)
 - Suplente:** D. Marcos Rodríguez Calvo (Grupo Municipal de AIAC)
- **Vogais:**
 - D. José Antonio Meizoso Paz (Secretario-Interventor do Concello da Capela)
 - D. Jesús Franco Rodríguez (Funcionario do Concello da Capela)
 - Dna. Josefina Fernández Ferreira (Funcionaria do Concello da Capela)
- **Secretaria:**
 - Dna. Olga Galdo López (Funcionaria do Concello da Capela)

Sen producirse debate neste asunto o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A creación e constitución da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela para o mandato 2019-2023 que asistirá os dous órganos de contratación do Concello da Capela (Alcaldía-Presidencia e Pleno do





Concello de A Capela

Concello) coa seguinte composición:

- **Presidente:**
 - D. Emilio Riobó Piñón (2º Tenente de Alcalde, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)
- **Suplente:** D. Marcos Rodríguez Calvo (Grupo Municipal de AIAC)

- **Vogais:**
 - D. José Antonio Meizoso Paz (Secretario-Interventor do Concello da Capela)
 - D. Jesús Franco Rodríguez (Funcionario do Concello da Capela)
 - Dna. Josefina Fernández Ferreira (Funcionaria do Concello da Capela)

- **Secretaria:**
 - Dna. Olga Galdo López (Funcionaria do Concello da Capela)

Segundo: Publicar a composición da Mesa de Contratación no BOP e no perfil do contratante da plataforma de Contratos do Séctor Público.

VI.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta de nomeamento de representantes do Concello en aqueles órganos colexiados que sexan competencia do Pleno Municipal. A proposta da Alcaldía contempla o nomeamento dos seguintes:

Primeiro: Nomear representantes do Concello da Capela no Consello Escolar do CEIP "Mosteiro de Caaveiro" a:

- Dna. Natalia Paz Álvarez (1ª Tenente de Alcalde do Concello da Capela).

Segundo: Nomear representante do Concello da Capela no órgano Rector do Parque Natural das Fragas do Eume a:

- D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente do Concello da Capela)





Concello de A Capela

Terceiro: Nomear representante do Concello da Capela na Asociación Euro-Eume a:

- D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente do Concello da Capela).

Cuarto: Nomear representante do Consello de Participación Veciñal polos Grupos Políticos Municipais os seguintes:

- Dna. Natalia Paz Álvarez (en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)
- D. Martín Blanco Hermida (en representación do Grupo Municipal de AIAC)
- Dna. Olga María Blanco Teijeiro (en representación do Grupo Mixto-PP)

Sen producirse debate neste asunto o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Nomear representantes do Concello da Capela no Consello Escolar do CEIP "Mosteiro de Caaveiro" a:

- Dna. Natalia Paz Álvarez (1ª Tenente de Alcalde do Concello da Capela).

Segundo: Nomear representante do Concello da Capela no órgano Rector do Parque Natural das Fragas do Eume a:

- D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente do Concello da Capela)

Terceiro: Nomear representante do Concello da Capela na Asociación Euro-Eume a:

- D. Manuel Meizoso López (Alcalde-Presidente do Concello da Capela).

Cuarto: Nomear representante do Consello de Participación Veciñal polos Grupos Políticos Municipais os seguintes:

- Dna. Natalia Paz Álvarez (en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)
- D. Martín Blanco Hermida (en representación do Grupo Municipal de



Concello de A Capela

AIAC)

- Dna. Olga María Blanco Teijeiro (en representación do Grupo Mixto-PP)

VII.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E CONCELEIROS DELEGADOS. DAR CONTA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente das Resolucións da Alcaldía de nomeamento de tenentes de Alcalde e Concelleiros Delegados que copiadas literalmente dín:

RESOLUCION

ASUNTO: Nomeamento de tenentes de Alcalde

FEITOS:

I Constituída a nova Corporación Municipal o derradeiro día 15 de xuño de 2019 cumpre desenrolar a organización municipal

II Ós tenentes de Alcalde correspondelles substituír na totalidade das súas funcións pola orde e do seu nomeamento a esta Alcaldía-Presidencia nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a ésta para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde-Presidente no suposto de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

E tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Artigo 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Artigos 61, 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Artigos 46, 47 e 48 do RD 2568/86, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Visto o anterior,

RESOLVO:

I Nomear tenentes de Alcalde os seguintes concelleiros/as

- a) Primeiro tenente de Alcalde: Dna. Natalia Paz Álvarez





Concello de A Capela

- b) Segundo tenente de Alcalde: D. Emilio Riobó Piñón
- c) Terceiro tenente de Alcalde: Dna. María Rocío Permuy Ramudo

II Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que se realice, notificar persoalmente os designados e publicar esta Resolución no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da data da presente Resolución.

DECRETO

ASUNTO: Delegacións xenéricas de atribucións do Alcalde-Presidente a prol de concelleiros/as

FEITOS:

I Constituída a nova Corporación Municipal o derradeiro día 15 de xuño de 2019 cumpre desenrolar a organización municipal.

II O Alcalde-Presidente poderá nomear concelleiros/as delegados/as coa finalidade de conquistar maior eficacia nos servizos municipais

E tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Artigos 61.3 e 61.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Artigo 43, 44 e 45 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Á vista do anterior,

DECRETO

I Delegar na Concelleira Dna. Natalia Paz Álvarez as atribucións referentes a área de Cultura, Deportes e Xuventude. A delegación é xenérica e abarca a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a dá súa xestión en





Concello de A Capela

xeral, non se delega a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

II Delegar no Concelleiro D. Emilio Riobó Piñón as atribucións referentes a área de Servizos Públicos e Medio Rural. A delegación é xenérica e abarca a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a dá súa xestión en xeral, non se delega a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

III Delegar na Concelleira Dna. María Rocío Permuy Ramudo, as atribucións referentes a área de Servizos Sociais, Benestar Social, Muller e Participación Cidadá. A delegación é xenérica e abarca a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a dá súa xestión en xeral, non se delega a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

IV Delegar no Concelleiro D. Juan Manuel Soto López, as atribucións referentes a área de Turismo, Hostelería e Comercio. A delegación é xenérica e abarca a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a dá súa xestión en xeral, non se delega a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

V A delegación de atribucións surtirá efecto dende o día seguinte o da data do decreto.

VI Do presente decreto darase conta o Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, notificando persoalmente ós designados, debendo publicarse no BOP.

O Pleno quedou enterado

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario, do fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz





Concello de A Capela

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 08/07/2019

